

PROCEDEMENTO: CT215E. Subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, para o ano 2024.

ASUNTO: Resolución de nomeamento da Comisión de Valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 11 de marzo de 2024, DOG núm. 50, publicouse a Resolución do 22 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT215E).

2. O artigo 15 desta convocatoria recolle que, para avaliar os proxectos que se presenten a esta convocatoria, se constituirá unha comisión de valoración nomeada pola persoa titular da Dirección Axencia Galega das Industrias Culturais.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. O artigo 15 das bases da convocatoria para a concesión de subvencións para laboratorios, incubadoras e residencias de creación ou desenvolvemento de proxectos audiovisuais establece o seguinte:

- Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase unha Comisión de Valoración nomeada pola persoa titular da Dirección da Agadic, que será a encargada de valorar as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios fixados nestas bases.
- A Comisión de Valoración, de carácter paritario de homes e mulleres, terá a consideración de órgano colexiado e estará constituída por dúas persoas do cadro de persoal da Agadic, en que unha delas desempeñará as funcións da Secretaría, con voz e sen voto, e dúas persoas en calidade de profesionais expertas do ámbito audiovisual, das cales unha exercerá a Presidencia.
- A condición de persoa membro da Comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituída en ningún caso. As persoas que formen parte da Comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria, e absteranse se se dá algunha das circunstancias do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



En base ao exposto

RESOLVO

Nomear a comisión de valoración deste procedemento, que segundo o artigo 15 das bases que rexen a convocatoria terá a seguinte composición:

Peter Andermatt, como experto no ámbito audiovisual, en calidade de Presidente

Diego Vázquez Meizoso, como experto no ámbito audiovisual, en calidade de vogal

María Dolores Meijomín Rodríguez, en representación da Agadic, en calidade de vogal

Dora González Olveira, en representación da Agadic, en calidade de secretaria

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Jacobo Sutil Nesta

Director

Axencia Galega das Industrias Culturais

